




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS PROFESIONAIS E SUPERIORES DE MÚSICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Paideia Galiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Fundación Paideia Galiza e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a promoción e posta en valor, no ámbito da música, de artistas que veñan de rematar os estudos profesionais e superiores de música nos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia coa concesión de varios premios consistentes na realización de gravacións discográficas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais da música.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



O Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios; establecen que as ensinanzas artísticas superiores de Música terán como obxectivo xeral a formación cualificada de profesionais que dominen os coñecementos propios da música e adopten as actitudes necesarias que lles fagan competentes para integrarse nos distintos ámbitos profesionais desta disciplina e que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madurez e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade. Así mesmo, establece que os/as titulados/as superiores de Música estarán capacitados/as para o exercicio da creación e da investigación e entre as súas competencias transversais están as de buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional e a de traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

Estímase fundamental a adecuación da formación dos músicos ao grao de excelencia académica que existen as ensinanzas artísticas profesionais e superiores, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización técnico-artística dos/das estudantes de música, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nos estudos profesionais e superiores de música.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



A Fundación Paideia ten entre os seus fins a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das ciencias sociais; a implantación de programas e tarefas dinámicas, sensibles á realidade, así como á busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, desde unha abordaxe interdisciplinar, transversal e integral, para lograr a calidade no compromiso e na aplicación do social e do científico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

